

REXISTRO DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL.


Pola presente comunicación informámoslle que a Xunta de Galicia aprobará proximamente o Decreto pola que se define a carteira de servizos de promoción da autonomía e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no seu custo. Neste senso, para facilitar a localización e clasificación daqueles servizos que aínda non están recollidos no RUEPSS e que se refiren fundamentalmente aos **servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía**, é necesario dispoñer de información sobre aquelas entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais que xa os desenvolven.

A este efecto deberán achegar datos sobre os enderezos nos que os prestan, sobre os profesionais asignados, etc..., todo elos, de conformidade coa **descrición do servizo, a intensidade e os perfís profesionais establecidos no documento de carteira de servizos de promoción da autonomía persoal e en atención á dependencia** que se xunta como **anexo I** deste documento.

As entidades que estean interesadas, en detallar os servizos que xa realizan e que estean comprendidos na clasificación anexa, deben comunicar á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais os seguintes datos,

- 1) **DATOS SOBRE OS PUNTOS DE ATENCIÓN NOS QUE SE DESENVOLVEN OS SERVIZOS:** Estes datos achegaranse mediante a cumprimentación directa no RUEPSS, SECCIÓN ENTIDADES:

Pestana puntos de atención: incluír, a denominación do punto de atención, do centro/servizo autorizado, da oficina ou delegación onde se desenvolven os servizos ou que serven de referencia para a prestación deses servizos, o enderezo completo, datos de contacto e xeorreferenciación no mapa. Asimesmo deberánse cumprimentar os datos que aparecen na pantalla que aparece ao premer en detalle (horario e período de apertura, e nivel de accesibilidade das instalacións, etc..)



A pestaña persoal e servizos non pode ser cuberta polas entidades, polo que remitiran a información correspondente a este apartado mediante a remisión da documentación sinalada no punto 2.

2) DOCUMENTACION

- Comunicación asinada polo representante da entidade (xuntase modelo)
- Memoria descriptiva dos servizos que se prestan de conformidade cos contidos e descrición que se recollen no anexo I deste documento. Farase constar unha descrición completa da prestación que realizan ou que van a realizar (que debe coincidir nos mínimos cos requirimentos da carteira de servizos), as horas mensuais que se prestan ou se van a ofertar (**a intensidade mínima de prestación é de 12 horas/mes, agás en atención temperá que será como mínimo de 6 horas/mes**) e as persoas destinatarias dos servizos (a estes efectos terase en conta que a carteira de servizos destina estes servizos a calquera persoa con dependencia, non obstante no RUEPSS terase en conta os colectivos cos que a entidade traballa en función da súa especialización)
- Relación de persoal onde conste a titulación, xornada laboral, e categoría laboral recoñecida no contrato do persoal asignado (xa sexa persoal propio ou alleo) a cada servizo. Neste senso, lémbbraselle que na asignación de profesionais a cada un dos servizos debe terse en conta que como mínimo a súa dedicación ten que cubrir a intensidade mínima requerida)

- Cadro de distribución horaria dos servizos

A solicitude coa documentación que a complemente debe dirixirse a:

***Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. Secretaría Xeral Técnica.
Consellería de Traballo e Benestar. San Caetano, s/n. CP 15781 Santiago de Compostela***

e-mail: inspeccion.centros@xunta.es Fax: 981 957 697

A inscrición destes Servizos, unha vez realizada, poderá verificarse directamente pola entidade, mediante a consulta do Rexistro Único de entidades prestadoras de Servizos sociais. No caso de que non proceda a inscrición comunicárase por escrito.

Por non tratarse dun procedemento administrativo, con carácter xeral, non se realizarán requirimentos de emenda da documentación presentada.

EFFECTOS: A inscrición destes servizos terá por único obxectivo a localización e a clasificación daqueles servizos que , de conformidade coa descrición que se fai no documento da carteira de servizos, xa están prestándose por entidades inscritas no RUEPSS no ámbito da prevención da dependencia e da promoción da autonomía persoal

Anexo I

a.1 Servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal

Conxunto de intervencións que teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, e facilitar a execución das actividades básicas da vida diaria, de maneira que todas as persoas poidan levar unha vida o máis autónoma posible. Defínese un servizo común a todas as persoas dependentes, así como un específico para persoas dependentes con Alzheimer ou outras demencias.

Área de información, valoración, seguimento e orientación: esta área inclúe o servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación, e o servizo de información, orientación e formación a familiares, co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia e favorecer o seu desenvolvemento e evolución, intervindo no núcleo familiar como principal axente socializador, e considerando as necesidades familiares derivadas da dependencia.

- **Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación:** servizo que achega coñecemento e criterios unificados e homoxéneos para a realización dun Plan de Atención Individual (PAI), baseado na planificación individualizada dos apoios que cada persoa necesita, e tendo como referente a metodoloxía da planificación centrada na persoa (PCP); achegando deste xeito un enfoque integral, no que o usuario e a súa familia, ou o seu círculo de apoio máis próximo, son partícipes de igual xeito que os profesionais na elaboración de devandita planificación. Ademais, efectúan tarefas de seguimento, avaliación e coordinación, xunto co usuario e a familia.
- **Servizo de información, orientación e formación a familiares:** servizo que ten como finalidade acompañar ás familias de persoas dependentes no seu proxecto de vida, partindo dos seus propios recursos e fortalezas, atendendo ás súas necesidades e demandas, e facilitando os apoios necesarios para mellorar a súa calidade de vida e o benestar de cada un dos seus membros.

O obxecto do servizo é mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia e favorecer o seu desenvolvemento e evolución, intervindo no núcleo familiar como principal axente socializador, considerando as necesidades familiares derivadas da dependencia.

Área de información, valoración, seguimento e orientación

Area de intervención	Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfis profesionais
010101 Área de información, valoración, seguimento e orientación	01010101 Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación	Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios	Inicial e seguimento anual ou cando se modifiquen as circunstancias	Mínimo de 1 profesional universitario con titulación relacionada coas prestacións a realizar, segundo o recollido na Resolución de 3 de agosto de 2011, da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, pola que se publica o Acordo sobre a determinación do contido dos servizos de promoción da autonomía persoal dirixidos a persoas recoñecidas en situación de dependencia en grao I, ou na normativa vixente
		Plan de atención individual (PAI)		
		Seguimento e avaliación do PAI		
	01010102 Servizo de información, orientación e formación a familiares	Acollida e avaliación das necesidades da familia		
		Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios		
		Plan de apoio familiar		
		Seguimento e avaliación do plan de apoio familiar		

Área do cuidador: esta área inclúe un servizo de atención ós cuidadores, e servizos de atención temporal a persoas en situación de dependencia, co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas cuidadoras. As persoas destinatarias son aquelas que desenvolven as funcións de coidado e apoio de persoas en situación de dependencia.

- **Servizo de información, orientación, formación, apoio persoal emocional, e asesoramento:** servizo que ten como finalidade a atención dos cuidadores de persoas dependentes, atendendo ás súas necesidades e demandas a través da información, orientación, formación, apoio persoal emocional, asesoramento e entreamento, facilitando os apoios necesarios para mellorar a súa calidade de vida.
- **Servizos de respiro:** servizos temporais de apoio para garantir que o cuidador principal poida descansar e recuperarse do desgaste físico e psicolóxico orixinados pola tarefa do coidado. Poden ser prestados a través de servizos acreditados de axuda no fogar, atención diúrna, atención nocturna e residencial.

Área do cuidador

Area de intervención	Servizo	Intensidade recomendada	Perfís profesionais
010102 Área do cuidador	01010201 - Servizo de información, orientación, formación, apoio persoal emocional, e asesoramento	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenrolo do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Equipo formado por un mínimo de 2 profesionais universitarios con titulacións diferentes e relacionadas coas prestacións a realizar, segundo o recollido na Resolución de 3 de agosto de 2011, da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, pola que se publica o Acordo sobre a determinación do contido dos servizos de promoción da autonomía persoal dirixidos a persoas recoñecidas en situación de dependencia en grao I, ou na normativa vixente
	01010202 - Servizo de respiro familiar a través da axuda a domicilio		Equipo correspondente ó servizo de axuda a domicilio de cada colectivo.
	01010203 - Servizo de respiro familiar a través da atención diúrna		Equipo correspondente ó servizo de atención diúrna de cada colectivo.
	01010204 - Servizo de respiro familiar a través da atención nocturna		Equipo correspondente ó servizo de atención nocturna de cada colectivo.
	01010205 - Servizo de respiro familiar a través da atención residencial		Equipo correspondente ó servizo de atención residencial de cada colectivo.

- **Servizo de atención temperá:** conxunto de actuacións preventivas, de diagnóstico e de intervención que de forma coordinada diríxense á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á súa contorna, que teñen por finalidade dar resposta, o máis pronto posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecerlos. Ditas actuacións, que deben considerar a globalidade do neno ou da nena, han de ser programadas e executadas por equipos multiprofesionais.

010103 Servizo de atención temperá (0-6 anos)

Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfís profesionais	Ratio recomendada
010103 Servizo de atención temperá (0-6 anos)	Diagnóstico e valoración dos trastornos de desenvolvemento de nenos e nenas	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenrolo do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	<p>Equipo formado por un mínimo de 3 titulacións diferentes e relacionadas coas prestacións a realizar, segundo o recollido na Resolución de 3 de agosto de 2011, da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, pola que se publica o Acordo sobre a determinación do contido dos servizos de promoción da autonomía persoal dirixidos a persoas recoñecidas en situación de dependencia en grao I, ou na normativa vixente.</p> <p>Polo menos o coordinador do equipo deberá dispor dunha formación específica en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar, de como mínimo 300 horas. No caso de non dispor desta formación específica, deberá contar cunha experiencia mínima acreditada de 2 anos en atención temperá.</p>	<p>0,05 - 1 cada 20 usuarios</p> <p>Equipo de 3 profesionais cada 60 usuarios</p>
	Desenvolvemento psicomotor			
	Desenvolvemento cognitivo			
	Desenvolvemento da linguaxe e a comunicación			
	Desenvolvemento da autonomía			
	Desenvolvemento da área social e afectiva			
	Apoio, información, habilitación e formación da familia			

- Servizo de accesibilidade universal:** servizo que ten como finalidade promover o acceso de todos os usuarios á contorna física, mediante o asesoramento e adestramento no uso de produtos e tecnoloxías de apoio, na adaptación funcional da vivenda, nas técnicas de conservación de enerxía, economía articular e hixiene postural, no manexo de próteses e órteses para a vida diaria, e nas adaptacións do entorno doméstico, ocupacional e ocio no que se desenvolven habitualmente as persoas, permitindo un acceso ao medio o máis normalizado e funcional posible.

010104 Servizo de accesibilidade universal

Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfís profesionais
010104 Servizo de accesibilidade universal	Asesoramento e adestramento no uso de produtos e tecnoloxías de apoio	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Terapeutas ocupacionais
	Asesoramento sobre adaptación funcional da vivenda		
	Información sobre técnicas de conservación de enerxía, economía articular e hixiene postural		
	Educación e adestramento no manexo de próteses e órteses para a vida diaria		
	Valoración, asesoramento e adestramento da necesidade de adaptacións do entorno doméstico, ocupacional e ocio no que se desenvolven habitualmente as persoas		

Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional: inclúe un conxunto de intervencións orientadas a manter ou mellorar a capacidade para realizar as AVD, evitar a aparición de limitacións na actividade, deficiencias ou déficits secundarios, co fin de alcanzar o maior nivel de autonomía e calidade de vida. Con carácter xeral as actuacións levaranse a cabo enfocadas ao mantemento das persoas na súa contorna física e relacional.

- **Apoio ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria:** conxunto de intervencións orientadas a lograr o nivel máximo de independencia e autonomía funcional, mediante actividades deseñadas e desenvolvidas para que o usuario participe de forma activa na readaptación á súa vida cotiá. Este servizo incide nas Actividades da Vida Diaria (mobilidade e locomoción, vestido, alimentación e hixiene persoal), así como nas instrumentais (preparación de comidas, tarefas domésticas e lecer, e integración na comunidade). Este servizo prestarase xunto con algún dos seguintes: rehabilitación funcional, fisioterapia, outras terapias alternativas, logopedia ou terapia ocupacional.
- **Rehabilitación funcional:** servizo integrado polo conxunto de actuacións que permiten que a persoa alcance un nivel físico, mental e/ou social funcional óptimo, proporcionándolle así os medios de modificar a súa propia vida. Este servizo pode comprender algún dos seguintes servizos: fisioterapia, logopedia, e/ou terapia ocupacional.
- **Fisioterapia:** servizo que comprende o conxunto de métodos, actuacións e técnicas que, mediante a aplicación de medios físicos, curan e prevenen as enfermidades, promoven a saúde, recuperan, habilitan, rehabilitan e readaptan ás persoas afectadas de disfuncións físicas ou ás que se desexa manter nun nivel adecuado de saúde, co fin de mellorar a calidade de vida da persoa e facilitar a súa reinserción social plena.

- **Outras terapias alternativas:** conxunto de medios e estratexias destinadas á estimulación multisensorial das persoas con dependencia a través da auga, música, color, animais, etc, que posibilitan a súa recuperación física e emocional e a súa integración social.
- **Logopedia:** servizo prestado a través de actividades de prevención, avaliación e recuperación dos trastornos da audición, a fonación e a linguaxe, mediante técnicas terapéuticas propias da disciplina. O obxectivo deste servizo é facilitar ao usuario a comunicación para lograr un nivel óptimo de interacción e relación, así como unha adecuada competencia social.
- **Terapia ocupacional:** conxunto de intervencións dirixidas, en función das necesidades de cada persoa, a previr ou reducir unha limitación na actividade ou alteración da función física, intelectual, sensorial ou mental, así como a manter ou mellorar as habilidades xa adquiridas, coa finalidade de conseguir o maior grao posible de autonomía persoal, adaptación á súa contorna, mellora na calidade de vida e integración na vida comunitaria. .
- **Estimulación cognitiva:** tratamento terapéutico que, por medio das técnicas adecuadas, ten por finalidade manter, mellorar o funcionamento dalgunha ou dalgunhas das capacidades cognitivas superiores (razoamento, memoria, atención, concentración, linguaxe e similares), das capacidades funcionais, a conduta e/ou a afectividade. Serán persoas beneficiarias as persoas con deterioración cognitiva, sobrevivendo ou dexenerativo, dano cerebral ou alteración das funcións mentais superiores debidas ao envellecemento, trastorno mental, discapacidade intelectual ou por etioloxía non filiada.
- **Estimulación sensorial:** servizo que, a través de estímulos (oral, olfativa, gustativa, táctil, visual, comunicación, etc.), aumenta ou diminúe o nivel de alerta e favorece a maduración do sistema nervioso central, favorece respostas motoras normais, mellora aprendizaxes, e favorece un maior contacto co ambiente.
- **Atención psicomotriz:** servizo que integra as interaccións cognitivas, emocionais, simbólicas e sensomotrices na capacidade de ser e de expresarse nun contexto psicosocial, desempeñando un papel fundamental no desenvolvemento armónico da personalidade, e aumentando a capacidade de interacción do suxeito coa contorna.
- **Atención psicolóxica:** servizo dedicado á avaliación, diagnóstico e tratamento dos trastornos mentais.
- **Atención neuropsicolóxica:** servizo que combina a neuroloxía e a psicoloxía, que analiza os efectos que as lesións, danos ou funcionamentos anómalos nas estruturas do sistema nervioso central, con consecuencias nos procesos cognitivos, psicolóxicos, emocionais e do comportamento individual.
- **Atención psiquiátrica:** servizo dedicado ó tratamento da enfermidade mental co obxectivo de previr, avaliar, diagnosticar, tratar e rehabilitar ás persoas con trastornos mentais.
- **Rehabilitación psicosocial:** conxunto de actuacións encamiñadas a prestar apoios, transitorios ou permanentes, a persoas con enfermidade mental, a fin de mellorar as súas posibilidades de manterse na contorna familiar e social nas condicións máis normalizadas e independentes que sexa posible.
- **Atención pedagóxica:** servizo dirixido ó proceso educativo-formativo da persoa, nos aspectos psicolóxico, físico e intelectual.

- **Podoloxía:** servizo destinado á atención e coidado dos pes, mediante a aplicación de curas non quirúrxicas e intervencións de podoloxía básica.
- **Préstamo de produtos de apoio (axudas técnicas):** préstamo de produtos de apoio e medios tecnolóxicos que resulten axeitados, conforme ó tipo de dependencia, co obxecto de promover a autonomía persoal e integrar socialmente a persoas con limitacións da súa actividade ou restricións na participación da vida social.

Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional

Area de intervención	Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfís profesionais	
010105 Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional	01010501 - Apoio ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria		Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Un profesional con titulación relacionada coas prestacións a realizar, segundo o recollido na Resolución de 3 de agosto de 2011, da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, pola que se publica o Acordo sobre a determinación do contido dos servizos de promoción da autonomía persoal dirixidos a persoas recoñecidas en situación de dependencia en grao I, ou na normativa vixente	
	01010502 - Rehabilitación funcional			Fisioterapeutas / terapeutas ocupacionais / logopedas.	
	01010503 - Fisioterapia			Fisioterapeutas	
	01010504 - Outras terapias alternativas			Técnico con formación especializada de como mínimo 20 horas	
	01010505 - Logopedia			Técnicos diplomados en logopedia, diplomados en audición e linguaxe	
	01010506 - Terapia ocupacional			Terapeutas ocupacionais / equipo interdisciplinar formado por psicólogo, fisioterapeuta e educador social	
	01010507 - Estimulación cognitiva	Estimulación da memoria			Terapeutas ocupacionais / logopedas / psicólogos
		Concentración e redución fatiga			
		Estimulación na atención, razoamento, abstracción e orientación			
		Apoio en funcións executivas, cálculo, lectoescritura. Intervención sobre as afasias			
01010508 - Estimulación sensorial			Terapeutas ocupacionais / logopedas / psicólogos, salvo en estimulación auditiva (solo logopeda)		
01010509 - Atención psicomotriz			Un profesional universitario con titulación relacionada coas prestacións a realizar, segundo o recollido na Resolución de 3 de agosto de 2011, da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, pola que se publica o Acordo sobre a determinación do contido dos servizos de promoción da autonomía persoal dirixidos a persoas recoñecidas en situación de		

		dependencia en grao I, ou na normativa vixente
	01010510 - Atención psicolóxica	Psicólogos
	01010511 - Atención neuropsicolóxica	Psicólogos que cumpran unha das seguintes condicións: a) Formación de posgrao específica en Neuropsicoloxía, consistente nun mínimo de 320 horas de formación, e un mínimo de 2.400 horas de práctica. Entre os obxectivos formativos deben incluírse coñecementos básicos de Psicoloxía, fundamentos para o estudo das relacións cerebro-conduta, fundamentos para a práctica da neuropsicoloxía clínica, coñecementos sobre avaliación e habilidades para a mesma, habilidades de Intervención neuropsicolóxica, habilidades de comunicación e consulta, e capacidade para a elaboración de proxectos de investigación. b) Ter unha experiencia práctica dun mínimo de 4.000 horas, que corresponden a un mínimo de 5 anos de experiencia profesional debidamente xustificada.
	01010512 - Atención psiquiátrica	Psiquiatras
	01010513 - Rehabilitación psicosocial	Psicólogos
	01010514 - Atención pedagóxica	Licenciados en pedagogía ou diplomados en ciencias da educación
	01010515 - Préstamo de produtos de apoio (axudas técnicas)	Non aplica, por ser un préstamo de produtos de apoio
	01010516 - Podoloxía	Podólogos

Área de actividades e programas (actividades de ocio e tempo libre, xantar na casa e lavandería no enderezo):

inclúe a organización e realización de actividades lúdicas, culturais, sociais, xantar e lavandería, proporcionando os apoios necesarios para que as persoas dependentes cheguen a dispor de habilidades necesarias para gozar do seu tempo de ocio da forma máis autónoma posible.

- **Actividades de ocio e tempo libre:** actividade que teña unha finalidade rehabilitadora ou terapéutica, que inclúa a organización e realización de actividades lúdicas, culturais e sociais, adaptadas ás características das persoas participantes, e tendo os seguintes obxectivos:
 - Fomentar os hábitos de vida saudables.
 - Fomentar actitudes de solidariedade e convivencia.
 - Fomentar o desenrolo de habilidades.Fomentar as relacións sociais.
- **Xantar na casa:** servizo de comida a domicilio que facilita e garante unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou a elaboración de menús.

- **Lavandaría no enderezo:** servizo de lavandería a domicilio que recolle a roupa no domicilio, a lava, prancha e devolve ao fogar. É tanto para roupa persoal coma a do fogar.

Área de actividades e programas

Area de intervención	Servizo	Intensidade recomendada	Perfís profesionais
010106 Área de actividades e programas	01010601 - Actividades de ocio e tempo libre	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Mestres de educación, TASOC, e monitores de actividades de tempo libre, todos eles cunha formación específica de mínimo 20 horas en dependencia.
	01010602 - Xantar na casa		Formación específica das persoas que interactúan directamente co usuario, dun mínimo de 20 horas en atención a persoas en situación de dependencia
	01010603 - Lavandaría no enderezo		Formación específica das persoas que interactúan directamente co usuario, dun mínimo de 20 horas en atención a persoas en situación de dependencia

- **Supervisión e apoios puntuais en aloxamentos especiais:** servizo de apoio persoal e cuidados para residentes de aloxamentos especiais autorizados regulados nesta Orde, nos que se poderán prestar os diferentes servizos de promoción da autonomía persoal. Os usuarios non deben ter unha dependencia superior á moderada, e contarán cun nivel adecuado de autonomía física e psíquica.

010107 Supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais

Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfís profesionais
010107 Supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais	Apoios nos cuidados e hixiene Persoal	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería / técnico de atención sociosanitaria
	Apoio nas actividades básicas da vida diaria		
	Acompañamento e apoio na realización de xestións		

Área de habilitación psicosocial: conxunto de actuacións encamiñadas a prestar apoios, transitorios ou permanentes, a fin de mellorar as posibilidades de manter ás persoas na contorna familiar e social nas condicións máis normalizadas e independentes que sexa posible.

- **Deseño de estratexias psicoeducativas:** deseño de habilidades sociais e educativas para o abordaxe de problemáticas específicas das persoas dependentes en idade escolar e as súas familias, mediante un proceso terapéutico e rehabilitador, procurando a permanencia no seu contorno habitual.
- **Apoio á vida independente:** servizo de orientación, supervisión e control periódico a persoas con dependencia leve que vivan no seu domicilio ou en equipamentos especiais que, nalgúns aspectos, suscitan necesidades ou teñen carencias que non poden satisfacer por si mesmas, mellorando e desenvolvendo o funcionamento individual das mesmas.
- **Servizo de acompañamento e intérpretes:** servizo de apoio e acompañamento puntual da persoa en situación de dependencia con discapacidade sensorial, nos desprazamentos ás actividades de carácter laboral, ocupacional e/ou formativo,

que realicen fora do seu fogar, co obxecto de proporcionar o apoio persoal necesario para vencer as limitacións funcionais das persoas en situación de dependencia. Este servizo inclúe tamén interpretes para persoas con problemas de comunicación.

- **Fomento e promoción da inclusión social:** servizo para fomentar, dentro dun marco de relacións, a participación e inclusión social das persoas en situación de dependencia. Ten como finalidade aportar unha estrutura de apoio social para que as persoas en situación de dependencia dispoñan dunha rede social de referencia e poidan superar os obstáculos que dificultan a súa participación en actividades sociais e de ocio, promovendo aspectos da autonomía persoal das persoas dependentes e facilitando oportunidades de participación na comunidade, desenvolvendo as súas actividades en contextos naturais e próximos das persoas.
- **Adestramento de habilidades persoais e sociais:** servizo dirixido á adquisición de destrezas e habilidades para que as persoas en situación de dependencia melloren as súas relacións sociais, habilidades para a solución de problemas e as habilidades para a comunicación verbal e non verbal.
- **Fomento do autocoidado físico:** Adestramento nas habilidades e destrezas en canto ás tarefas básicas do coidado físico: comer, vestirse, espírse, peitearse, realizar a súa hixiene persoal, etc.

Área de habilitación psicosocial

Area de intervención	Servizo	Intensidade recomendada	Perfís profesionais	
010108 Área de habilitación psicosocial	01010801 - Deseño de estratexias psicoeducativas	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenrolo do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Traballadores sociais / mestres	
	01010802 - Apoio á vida independente		Técnicos licenciados, diplomados ou ciclo de grao superior en ciencias da educación ou ciencias sociais / psicopedagogos / mestres / logopedas	
	01010803 - Servizo de acompañamento e intérpretes		Técnico en coidados auxiliares de enfermería / técnico de atención sociosanitaria En caso de usuarios con discapacidades auditivas: intérpretes de lingua de signos española (LSE) / profesores de audición	
	01010804 - Fomento e promoción da inclusión social		Desenvolvemento de redes sociais e de apoio nas que participe a familia	Técnicos en integración social
	01010805 - Adestramento de habilidades persoais e sociais			Técnicos licenciados ou diplomados en ciencias da educación ou ciencias sociais
	01010806 - Fomento do autocoidado físico			Educadores sociais / integradores sociais

Área de apoio para o desenvolvemento profesional e social: conxunto de actuacións dirixidas a persoas dependentes en idade laboral, que promoven a incorporación da persoa dependente a un posto de traballo, facilitando os apoios necesarios para o desenvolvemento da súa vida profesional. Esta área inclúe os seguintes servizos: habilidades básicas e polivalentes para o emprego, formación ocupacional, formación practico-laboral e o emprego con apoio.

- **Formación prelaboral (habilidades básicas e polivalentes para o emprego):** apoio no proceso de adquisición e desenvolvemento de habilidades básicas, sociais e prelaborais, a fin de que poidan acadar, dentro das posibilidades de cada persoa usuaria, a máxima integración sociolaboral.
- **Formación ocupacional:** servizo dirixido a facilitar ós seus destinatarios/as unha atención diúrna de tipo rehabilitador para que poidan acadar, dentro das súas posibilidades, a máxima integración laboral. Ten como obxecto potenciar e conservar as capacidades laborais para que o usuario deste servizo estea en disposición de integrarse na actividade laboral cando as circunstancias o permitan.
- **Formación practico-laboral:** prácticas formativas que teñen como obxecto aplicar as habilidades sociolaborais adquiridas nun contorno real e normalizado, co fin de acadar a inserción laboral das persoas.
- **Emprego con apoio:** consiste nun conxunto de servizos e accións de xeito individualizado, para que a persoa poida acceder, manterse e promocionarse nunha empresa ordinaria, con apoio de profesionais e outros tipos de apoio. Forma parte deste contido a adaptación e o seu adestramento no posto de traballo, tanto nos aspectos técnicos como nas relacións laborais.

Área de apoio para o desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral

Area de intervención	Servizo	Intensidade recomendada	Perfís profesionais
010109 Área de apoio para o desenrolo profesional e social para persoas dependentes en idade laboral	01010901 - Formación prelaboral (habilidades básicas e polivalentes para o emprego)	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenrolo do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Técnicos licenciados ou diplomados en ciencias da educación ou ciencias sociais
	01010902 - Formación ocupacional		
	01010903 - Formación practico-laboral		
	01010904 - Emprego con apoio		

- **Servizo de transporte adaptado e asistido:** este servizo proporciona aos usuarios o traslado de ida e volta desde os seus domicilios aos centros de atención, e desde estes a outros servizos comunitarios (p. ex. nas visitas a consultas médicas, etc.). Nestes traslados inclúese a axuda e o apoio persoal e de control necesarios para unha adecuada atención, así como as medidas de seguridade oportunas durante a prestación de servizo. O servizo de transporte lévase a cabo coa utilización de vehículos convenientemente adaptados, en caso de transportar a persoas con mobilidade reducida e/ou usuarios de cadeiras de rodas, contando con sistemas de acceso e ancoraxe regulamentarios.

010110 Servizo de transporte adaptado e asistido.

Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfis profesionais
010110 Servizo de transporte adaptado e asistido	Transporte adaptado e asistido	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Equipo formado por: - Conductor do vehículo con permiso de conducir que, de conformidade coa normativa de vixente aplicación, o habilite para a condución deste tipo de vehículos. - Monitor/Acompañante de vehículo: en tanto non se aproben, pola Xunta de Galicia, cualificacións específicas ou equivalentes para o desempeño das súas funcións, serán requisitos mínimos estar en posesión do título de graduado en Ensinanza Secundaria Obrigatoria, e acreditar a participación e, no seu caso, a superación dun curso de especialización profesional nas áreas de servizos da vida diaria, de atención á dependencia ou de calquera outro de carácter semellante.

020101 Área de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal para persoas dependentes con Alzheimer

Servizo de prevención da dependencia específico de Alzheimer ou outras demencias: servizo que ten como obxectivo manter as habilidades, coñecementos e conductas da poboación, utilizando para iso técnicas dirixidas ó adestramento nas actividades da vida diaria (AVD), orientación á realidade, estimulación cognitiva e funcional, a través de grupos de máximo 12 persoas

Servizo específico de estimulación terapéutica de Alzheimer ou outras demencias: servizo que ten como obxectivo manter as habilidades, coñecementos e conductas que aínda posúen as persoas afectadas, utilizando técnicas dirixidas ó adestramento nas actividades da vida diaria (AVD), orientación á realidade, estimulación cognitiva, terapia ocupacional, atención psicolóxica, logopedia, e actividades de ocio e tempo libre. Este servizo se desenvola a través de grupos dun máximo de 10 persoas

Área de intervención	Servizo	Prestación	Intensidade recomendada	Perfis profesionais	
Prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal para persoas dependentes con Alzheimer	02010101	Servizo de prevención da dependencia específico de Alzheimer ou outras demencias	Intensidade establecida na orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, ou na normativa vixente	Equipo formado por psicólogo / pedagogo / terapeuta ocupacional	
	02010102	Servizo específico de estimulación terapéutica de Alzheimer ou outras demencias		Información e orientación	Equipo formado por psicólogo / terapeuta ocupacional / animador sociocultural / traballador social / Técnico en cuidados auxiliares de enfermería, técnico de atención sociosanitaria
				Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria	
				Terapia ocupacional	
				Estimulación cognitiva	
				Atención psicolóxica, dirixida tanto a usuarios como a familiares cuidadores	
				Logopedia	
				Actividades de ocio e tempo libre	